

Edif. CACTI, 2ª Planta
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 811 950
Fax 986 813 633

www.uvigo.es

uvigo.es/servicios/alumnado

secciondeposgrao@uvigo.es

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600016088
19/09/16 12:07:57

RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE SETEMBRO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA ALUMNADO SOLICITANTE DAS AXUDAS PARA CONTRATOS PREDOUTORAIS PARA A FORMACIÓN DE DOUTORES, DO MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE, NO CURSO 2016/2017.

Vista a Resolución de 1 de setembro de 2016, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria, correspondente ao ano 2016 das axudas para contratos predoutorais para a formación de doutores contemplada no Subprograma Estatal de Formación do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016.

Esta **REITORÍA** establece o seguinte procedemento de admisión e matrícula para alumnado solicitante das mencionadas axudas, no curso 2016/2017.

PRIMEIRO: O alumnado que xa realizou a preinscrición en estudos de doutoramento no prazo establecido continuarán co procedemento ordinario de preinscrición e matrícula, nos prazos determinados nel.

SEGUNDO: O alumnado que non realizou a preinscrición en estudos de doutoramento no prazo establecido poderá solicitar na secretaría do centro de adscrición, á Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD), unha carta de admisión. A solicitude deberá acompañarse da documentación establecida na convocatoria de matrícula para realizar a matrícula:

- Copia do DNI ou pasaporte, salvo para estudantes da Universidade de Vigo.
- Copia dos títulos de Máster e Grao Universitario, ou certificado conforme se está en posesión do Diploma de Estudos Avanzados ou da suficiencia investigadora, ou documentación xustificativa de atoparse nalguna das outras situacións de acceso previstas no apartado II.1.1.2. da convocatoria de matrícula. No caso de estudantes da Universidade de Vigo non será necesario presentar estes documentos.

O prazo de presentación destas solicitudes remata o **30 de setembro de 2016**.

A secretaría comprobará o cumprimento dos criterios de acceso establecidos na convocatoria de matrícula.

TERCEIRO: A CAPD comprobará os requisitos de admisión, así como a existencia de prazas vacantes, e trasladará á Sección de Posgrao as solicitudes recibidas, con indicación do número de contratos predoutorais que se prevea que serán concedidos polo Ministerio de Economía e Competitividade. A Sección de Posgrao diminuírá do número máximo de prazas ofertadas a previsión de contratos predoutorais, sempre que existan vacantes, e enviará unha carta de

admisión, condicionada á obtención da axuda, ao alumnado que presentou solicitudes que foron admitidas pola CAPD. Dita carta de admisión permitirá xustificar o cumprimento do requisito establecido no artigo 6.1 da convocatoria destas axudas, ben no prazo de presentación de solicitudes, ben no prazo de subsanación establecido no artigo 12 de dita convocatoria.

En ningún caso este alumnado poderá ocupar prazas en detrimento das adxudicadas, ou das reservadas como lista de agarda, no proceso ordinario de preinscrición e matrícula.

CUARTO: Resolta con carácter definitivo a convocatoria de axudas para contratos predoutorais, o alumnado beneficiario con carta de admisión, emitida segundo o establecido no apartado anterior, poderá realizar a matrícula definitiva na Sección de Posgrao, nos 10 días seguintes á data da publicación da resolución.

Contra a presente resolución, que finaliza a vía administrativa, poderá interpor o/a interesado/a recurso potestativo de reposición perante o Sr. Reitor Mgfco. Desta universidade, de acordo cos artigos 108, 116 e 117 da Lei 30/92 de 26 de novembro (B.O.E. do 27/11/92 e modificacións posteriores), no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción da presente. A partires dese mesmo día e se non interpuxo o recurso anterior, poderá recorrer no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto pola Lei 29/98, de 13 de xullo, que regula a xurisdición contencioso-administrativa. Se opta polo recurso potestativo de reposición, haberá de agardar a que recaia resolución expresa ou presunta antes de iniciar o recurso contencioso-administrativo.

Vigo, 16 de setembro de 2016

O REITOR,

Por delegación RR de 07/05/2014

O Director da Escola Internacional
de Doutoramento (EIDO)



Antonio Pino García

SR. VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS
SRA. VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN
SRA. VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
SRA. SECRETARIA XERAL
SRES./AS. DIRECTORES/AS DECANOS/AS DOS CENTROS CON MESTRADOS UNIVERSITARIOS
SRES/AS COORDINADORES/AS DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
SR. XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN
SR. XEFE DE SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE XESTIÓN E ADMISIÓN DE ALUMNOS
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANOS DE ESTUDO
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS
SRES/AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS CON PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO
SRES/AS XEFES/AS DA ÁREA ACADÉMICA DOS CENTROS CON PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO
SRES/AS RESPONSABLES DOS REXISTROS
SRES/AS XEFES/AS DAS ÁREAS DE SERVIZO Á COMUNIDADE
SRA. XEFA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL